

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

**De balde, previa inscrición en [cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)  
ata completar capacidade**

**—Contornos e contornas  
Unha visión transdisciplinar  
sobre arquitectura**

**C O N T O R N O S  
C O N T O R N O S  
C O N T O R N O S  
C O N T O R N O S  
C O N T O R N O S**

**Máis información en  
[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)**

**—24 de novembro de 2018  
De 10h a 18.30h, Auditorio do CINC**

**galicia**  
o bo camiño

# Contornos e contornas

## Unha visión transdisciplinar sobre arquitectura

**24 de novembro de 2018** | De 10h a 18.30h

Auditorio do Centro de Innovación Cultural (CINC)

De balde, previa inscrición en [cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal), ata completar capacidade

Organiza: Cidade da Cultura de Galicia | Coordina: taller abierto

A experiencia da Cidade da Cultura en convivencia e irmandade entre programación cultural, emprendemento, tecnoloxía e intercambio social convérteas no lugar axeitado para celebrar unha xornada como *Contornos e contornas*, que ten como cerna as posibilidades da arquitectura como axente condicionante das actividades humanas e os efectos que o espazo arquitectónico ten sobre o comportamento e benestar das persoas.

Nesta primeira edición, *Contornos e contornas* centra o seu obxecto de análise nos recintos educativos, coa intención de que, a través dunha aproximación atenta e detida, se acade un clima de reflexión conxunta entre profesionais da arquitectura e as ciencias sociais. Dúas disciplinas chamadas a entenderse e que evidencian, en máis dunha ocasión, que están máis desconectadas entre si do que deberan.

Fronte esta situación, a xornada procura crear un espazo de debate sobre a necesidade de establecer unha complementariedade efectiva entre disciplinas, rexeitando o tradicional illamento metodolóxico entre arquitectos e profesionais do eido pedagóxico á hora de acometer os proxectos de escola.

### Inscrición

Inscrición gratuita ata completar capacidade en [cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal), indicando no apartado de **observacións** a localidade de procedencia e a área de interese ou estudo

### Programa

—10h. Acto de apertura

—10.15h. Relatorio I. **Percepción e cognición espacial en contextos urbanos**, por Ricardo García Mira. Catedrático de Psicoloxía Social na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña (UDC), especializado en Psicoloxía Ambiental.

—Descanso

—12h. Relatorio II. **Interpretación pedagóxica do espazo nos centros educativos**, por Julia María Crespo Comesaña. Doutora en Pedagogía e profesora de Organización Escolar na Facultade de Ciencias da Educación na Universidade de Santiago de Compostela (USC).

—Pausa ata a tarde\*

—16h. Relatorio III. **Lugares para ensinar e aprender**, por Celestino García Braña. Doutor Arquitecto. Profesor titular de Teoría da Arquitectura na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña (UDC).

—17.30h. Debate cos tres relatores e o público.

(\*): A Cidade da Cultura conta co restaurante a Cantina do Gaiás

COORDINA

FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA:



//ABANCA

//Afundación

INDITEX

INVERWANTE

Naturgy

Fundación Barrio

•Sabadell

•Coren

•GADIS

•Lampu

•GALICIA NOS TERRA 21

•GALICIA BARCELONAS

•R

•MOWATUS